

* FASE INTERCOMARCAL DE CAMPO A TRAVÉS * ACEA DE AMA (CULLEREDO) – 30 de Xaneiro de 2016

ORGANIZAN: Secretaría Xeral para o Deporte e Federación Galega de Atletismo, coa colaboración do Club Coruña Comarca e Marineda Atlético.

PARTICIPANTES

No campo a través poderán participar as entidades clasificadas segundo normativa das fases previas, achéganse listado cos clasificados para esta proba, das comarcas de Coruña-cidade, As Mariñas e Carballo.

CATEGORÍAS

BENXAMÍN: nados nos anos 2008-2007 masculino e feminino.

ALEVÍN.....: nados nos anos 2006-2005 masculino e feminino.

INFANTIL....: nados nos anos 2004-2003 masculino e feminino.

CADETE.....: nados nos anos 2002-2001 masculino e feminino.

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar unha práctica deportiva, educativa e saudable.
- Difundir os valores da competición dende unha perspectiva máis regrada.
- Facilitar a práctica nunha modalidade de gran tradición histórica en Galicia.

SISTEMA DE COMPETICIÓN

Nesta fase, as entidades clasificadas formarán os equipos seleccionando aos seus atletas, cun máximo de 6 participantes por equipo. Cada entidade deberá participar na súa zona correspondente, excepto en casos excepcionais nos que a participación sexa tan escasa que, a petición das propias entidades, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá reorganizar as propias zonas previa proposta do servizo provincial correspondente.

LUGAR E DATA

Parque deportivo de Acea de Ma (Culleredo), sábado 30 de Xaneiro do 2016.

INSCRICIÓN

A inscrición dos atletas clasificados para esta Fase Intercomarcal de Campo a Través Escolar, farase **antes das 14 horas do martes 26 de xaneiro do 2016**, utilizando a folia que se inclúe nesta normativa, que deberán enviar por correo electrónico a deportes.coruna@xunta.es e direcciontecnica@fgatletismo.com, ou tamén pódese facer a inscrición a través do sistema on-line da Federación Galega de Atletismo <https://isis.rfea.es/sirfra2/>, coas claves de Usuario e contrasinal asignadas e enviadas a cada club, no caso de non ter dita clave poden solicitala ao Servizo de Deporte ou a Federación Galega de Atletismo. Aínda así, e por cuestións prácticas, prégase o emprego da citada Plataforma, xa que facilita o manexo da información.

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará formado por seis corredores/as, dos/as que puntuarán os/as catro mellor clasificados/as ou tres (só na categoría cadete). Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual....: Segundo a orde de entrada na meta.
- Por equipos: A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

TROFEOS e MEDALLAS

EQUIPOS.....: Entregaranse trofeos e medallas aos 3 primeiros clasificados en cada unha das categorías


INDIVIDUAIS: Entregaranse medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías

A entrega de trofeos e medallas terá lugar ao final da competición.

FASE PROVINCIAL DE CAMPO A TRAVÉS

Para o Campionato Provincial clasificaranse os dous mellores equipos e os/as oito primeiros/as atletas de cada categoría, que nos estiveran incluídos nos equipos clasificados, nas fases Intercomarcais, das Zonas de Coruña, Ferrol, Noia e Santiago. En ningún caso se correrá o posto de invitado os atletas que chegaran a partir do 8º clasificado/a.

CIRCUITO FASE ZONAL CAMPO A TRAVÉS ESCOLAR. Sábado 30 de Xaneiro do 2016. Acea da Ma (Culleredo)



HORARIO

10:30 – Retirada de dorsais

Hora	Categoría	Distancia aprox.	Voltas
11.00	Benxamín fem.	600m	SALIDA A + 1 VUELTA PEQUEÑA
11.10	Benxamín mas.	600m	SALIDA A + 1 VUELTA PEQUEÑA
11.20	Alevín fem.	1000m	SALIDA B + 1 VUELTA PEQUEÑA
11.30	Alevín mas.	1200m	SALIDA A + 1 VUELTA PEQUEÑA
11.45	Infantil fem.	1200m	SALIDA A + 1 VUELTA PEQUEÑA
12.00	Infantil mas.	1600m	SALIDA B+ 1 VUELTA PEQUEÑA +1 VUELTA MEDIANA
12.15	Cadete fem.	1600m	SALIDA B + 1 VUELTA PEQUEÑA + 1 VUELTA MEDIANA
12.35	Cadete mas.	3500m	SALIDA B+ 3 VUELTAS GRANDES

HOSPITALES e AMBULANCIA

No caso de lesión os/as deportistas serán atendidos/as en primeira instancia na ambulancia da **Cruz Vermella**, sita no mesmo circuito, e no caso que sexa necesario trasladarlos/as a un centro médico, deberán levar cuberto o parte de accidentes e trasladalos ao centro médico correspondente (a Cruz Vermella e maila Organización, terán partes a disposición dos/as lesionados/as).

HOSPITAL GIRÓN (SANTA TERESA)
c/Londres, 2 Telef:981/219.800
15008-A CORUÑA

SANATORIO QUIRÚRGICO MODELO
Virrey Ossorio, nº 30 Teléf.: 981/147.300
15011-A CORUÑA

AMBULANCIAS: APOSTOL CORUÑA S.L. Teléf. 981/621.992

OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Atletismo, que pode consultarse na páxina web da federación: www.atletismogalego.org, e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte: “deporte.xunta.es”.

TELÉFONOS ORGANIZACIÓN

Servizo de Deporte A Coruña

Teléfono: 981/13.24.43 -

Correo electrónico.....: deportes.coruna@xunta.es

Correo para transporte: sdbus.co@hotmail.es

NOTA:

As entidades ou Clubs que veñan de fora da cidade de A Coruña, e precisen transporte, deberán solicitalo, indicando total das plazas (atletas e adestradores), lugar de saída, hora de saída, e nome e teléfono móbil do responsabel, ao correo electrónico para o transporte, do Servizo de Deporte de A Coruña: sdbus.co@hotmail.es, **antes das 14 horas do mércores día 27/01/2016**, non se admitirán peticións fora desa data.

